

En primeira persoa

**Víctor Pernas Vizoso**  
Xerente de Funerarias Mariña S.L.

# «Aquí coñecémonos todos e a veces o funerario vive o duelo coa familia»

A empresa, con sé en Burela e crematorio en San Cibrao, cumpre 60 anos de vida

**YOLANDA GARCÍA**  
BURELA / LA VOZ

Por Todos os Santos e Defuntos os cemiterios da Mariña reciben moresas de visitas aínda que realmente son lugares nos que o resto de ano tampouco descansa a actividade; sobre todo sabendo que en Galicia fanse máis enterros que bautizos. Hai 60 anos, Eladio Pernas poñía en marcha un dos negocios do sector, Funerarias Mariña S.L., sociedade hoxe de Víctor Pernas Vizoso (Lagoa-Alfoz, 1960) coa súa muller Encarnación Fernández Díaz.

**—En seis décadas, os cambios deberon ser brutais no sector e os hábitos da sociedade...**

—E... máis que cambiou e que está cambiando! A morte sempre foi un tabú moi grande pero eu vexo que canto máis imos, menos é. Para a xente nova hoxe, o tema da morte non é como hai 40 anos. Segue habendo unha seriedade, e sentimentos, pero cambian os hábitos. Sobre todo no tema relixioso, cambia moito.

**—En que se traduce?**  
—Por exemplo, agora estamos nunha porcentaxe bastante elevada de incineracións. Diría nun 35 ou 36% na nosa zona. Hai 20 anos que quedei coa dirección de empresa, que cumpo agora. Pois daquela habería unha incineración ao ano. Facíanse na Coruña, no cemiterio de Feáns. Eu vexo que, da xente que naceu polos 90 e en diante, practicamente todo o mundo quere incinerarse.

**—Que razóns poden pesar?**  
—Será porque agora estamos máis concienciados a nivel medioambiental, pero tamén pode ser porque a xente foi perdendo bastante cultura relixiosa.

**—Contan cun crematorio no polígono de Cufiña en San Cibrao**



Víctor Pernas continúa dende hai 20 anos co negocio que iniciara seu pai, Eladio Pernas. PEPA LOSADA

**(Cervo). Como foi evolucionando?**  
—Hai dous anos que o abrimos. Cada vez hai máis incineracións. Podíamos ter como referencia Asturias, que está nun 92-93% de incineracións con respecto a enterramentos. Son números reais. Está ben dicir que é a comunidade autónoma española con máis incineracións. A nosa empresa ten sé en Burela pero implicouse nese sentido e aumentamos negocio cara a Cervo, montando o forno crematorio no polígono de San Cibrao, nunhas instalacións duns 1.500 metros cadrados e con zona axardinada.

**—De quen aprendeu este oficio?**  
—Aprendín de meu pai pero tamén aquí nos fomos formando en cursos. Teño acreditación de técnico de tanatopraxia.

**—Hai traballo no sector?**  
—Si, traballo hai, pero sigo mantendo a mesma plantilla dende hai 15 anos; dándolles formación.

*«Este é coma todos os traballos e se o pillas con cariño chegas a bo porto»*

**—É un traballo coma calquera.**  
—Si, é coma todos os negocios e todos os traballos. E se este o pillas con cariño chegas a bo porto.

**—Que lema ten á hora de traballar en momentos tan delicados?**  
—Antes de entrar na funeraria, xa tivera a empresa de ambulancias durante 20 e pico anos. Estaba no ámbito sanitario. A diferenza é grande pero, despois, se se fai ben o traballo e con seriedade, as familias son moi agradecidas. No momento dun enterro eres o que ten que ir marcando a pauta. E se ao final se fai con cariño e ben o traballo, soamente con que che dean as grazas, pa-

ra min esa xa é unha satisfacción grande.

**—E cando a vostede lle toca o enterro de alguén coñecido ou querido, como vive iso?**

—Tamén cando hai que enterrar xente nova é máis complicado. Esta zona onde temos o noso ámbito de traballo é pequena. Quero dicir, coñecémonos todos e a veces coñecemos á persoa que faleceu e á súa familia máis directa. E case case o funerario vive o duelo coa familia. Precisamente nalgún enterro dalgún amigo, no cemiterio tiven que dar-me a volta porque me caían as bágoas. Casualmente, alguén me dixo: 'E o funerario chorando!'. Eu respondínlle: 'O funerario tamén ten corazón'.

**—Se volvese a nacer, volvería e escoller esta profesión?**

—No meu caso, condicionou-me na vida ser fillo único.

ARRIBA O PANO!

## Final de Película

**F**oi necesaria toda a evolución do Universo, da vida e do home para que puidéramos adquirir esta fráxil liberdade que nos concede hoxe a dignidade e a responsabilidade que temos» (Y. Coppens).

Así comeza o prólogo de Eva Veiga do texto teatral *Final de Película* de Gustavo Pernas Cora, XII Premio Rafael Dieste 2005.

Eu asistín a clases del, dramaturxia en Pedagogía Teatral na UDC. Un torrente de vitalidade, enerxía e tolerancia maravillosas entraban con el na aula. El era principios, convicción e ilusión por mudar o mundo, tal e como a Poética Aristotélica dicía, a través da imitación.

Confiou en min para dar vida a Mayra, protagonista do texto que recibiu en 2007 o premio Max ó mellor autor teatral en galego (con Álvarez-Ossorio). A montaxe de Ancora Producións logrou un par de anos xirando e para min foi acadar unha familia. Ánxela G. Abalo, a súa namorada compañeira de viaxe, para quen o esquecemento xa nunca máis terá valor no seu vocabulario, era a «mamita» do espectáculo que no meu caso foi «principio da miña película».

Gustavo Pernas (1959, Viveiro) foi o actor, director, dramaturgo e mestre que me deu a primeira oportunidade no teatro profesional e que de non ser por iso, probablemente, non sería actriz... Como agradecer e venerar este legado con palabras? Como despedirme dalgún tan grande en tan pouco espazo? Como dar un final a esta película?

As seis partes da auténtica traxedia, fábula, caracteres, elocución, pensamento, espectáculo e melopeía, están presentes hoxe.

Traxedia no teatro galego. Poética partida do «director de principios e películas».

Ata Sempre, Mestre.

**\*Estibaliz Veiga é actriz. Dedicado á memoria de Gustavo Pernas Cora (1959-2018)**

2, 3 e 4 DE NOVIEMBRE 2018

Xornadas Gastronómicas

# Asturias en Ribadeo

Disfruta da mellor gastronomía nos establecementos participantes

O Tumbin	La Lira	Náutico	El Rincón del Gordo
O Lar de Manolo	Porta Norte	Malosera	Queimada
A Dorada	Cayo Coco	Bar Galicia	Cienfuegos
Galipizza	La Brisa	La Solana	Indiano
Prohibido	Rosa Lar	La Cantina	

Contaremos con SIDERERÍA SOLLEIRO no Parque San Francisco

Consello de Ribadeo

RIB DEO hostalaría

CCA

e para amenizar...

Venres 2 • 21:00h.  
Praza José María López (Zona Vella) Actuación de: *Os seus Plátanos*

Sábado 3 • O mediodía  
Pasarelas a cargo de: *Os Papaverinos*

Sábado 3 • 21:00h.  
Na Praza de Abastos actuación de: *L-R*

Domingo 4 • O mediodía  
Pasarelas a cargo do grupo: *Os Gascones*